

# Normas xerais - XGN 2016

As normas a seguir están marcadas polo sentido común e o respecto aos demais. A inscrición e participación no evento implica a aceptación destas normas. Ademais, estas normas poderán ser modificadas total ou parcialmente por parte da organización en calquera momento.

## **Acreditación e acceso**

Para poder acceder á zona lanparty necesitas recoller a túa acreditación, para iso debes estar correctamente inscrito no evento. A acreditación só se entregará no punto de Acreditacións presentando DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Só serán válidos documentos orixinais en vigor, nin fotocopias nin exemplares caducados. Non se entregará a acreditación ás persoas cuxos datos de inscrición non coincidan con da documentación.

A acreditación deberá amosarse sempre que se desexe acceder ou saír da zona lanparty, sempre que sexa requirido por un membro da organización, para participar nos campionatos e na entrega de premios.

A inscrición no evento da dereito a: un posto na zona lanparty (mesa), unha cadeira, unha toma eléctrica (800W) e unha toma de datos (RJ45). Ademais do dereito a participar en todos os campionatos e actividades que se realicen. A organización resérvase o dereito de acreditación e de admisión de acreditados.

## **Menores**

Os menores de 18 anos necesitarán **OBRIGATORIAMENTE** o permiso do/da seu/súa pai/nai ou titor legal para asistir.

Se ademais son **menores de 16 anos, deberán participar cun adulto tamén inscrito na party que os acompañe permanentemente.**

Para ambos casos a organización pon á súa disposición as autorizacións que figuran a continuación:

**Autorización para participantes de 16 e 17 anos:**

Por medio da presente declaración, eu,

\_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_

**certifico**

que son pai/nai/titor legal (tache o que corresponda) do/a menor

\_\_\_\_\_, e como tal autorizo ao/á menor a participar na lanparty XGN 2016 tendo lido e aceptado as bases da mesma.

En \_\_\_\_\_, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asinado

**Autorización para menores de 16 anos:**

Por medio da presente declaración, eu,

\_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_

**certifico**

que son pai/nai/titor legal (tache o que corresponda) do/a menor

\_\_\_\_\_, e como tal autorizo ao/á menor a participar na lanparty XGN 2016 tendo lido e aceptado as bases da mesma.

Este/a menor estará acompañado/a permanentemente de

\_\_\_\_\_, maior de idade

e con DNI \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asinado

Esta autorización deberá ser presentada no momento de acreditarse, se non se presentase a organización verase obrigada a non admitir ao menor no evento.

## Recinto

Para mellorar a experiencia de todos os participantes a organización espera de todos un comportamento correcto e acorde a unha boa convivencia. Por iso no interior do recinto prohíbese:

- O consumo e tráfico de alcohol, tabaco e calquera outro tipo de substancia ilegal.
- A entrada de material altamente inflamable, así como de calquera material pirotécnico.
- A introdución e uso de aparatos eléctricos de gran consumo: microondas, neveiras, ventiladores, estufas.
- A entrada de calquera obxecto que a organización considere perigoso (obxectos cortantes, armas brancas ou de fogo)

Así mesmo, esperamos que cada un sexa quen de saber a importancia que ten o deixar todo o material do mesmo modo en que o encontrou.

---

Está TOTALMENTE PROHIBIDO calquera forma de agresión física ou verbal fóra de ton, así como calquera outra actitude violenta, e será motivo de sanción o feito de participar nela.

É importante ler estas normas e ser conscientes delas durante o transcurso da party. O feito de acceder ao recinto implica o voso coñecemento e aceptación das mesmas.

## A Organización

A party é un evento que, a pesar de estar patrocinado por diferentes entidades, se leva a cabo da man de voluntarios que compoñen a Organización. Ditos voluntarios, como organizadores, velan polo correcto funcionamento de todos os aspectos do evento. Como tal, deben supervisar as actividades, os servizos prestados, e calquera aspecto que poda afectar aos usuarios. Entre as súas labores están, non só as orientadas a garantir os dereitos dos participantes, senón tamén as que teñen como obxecto o facer que se cumpran as normas que a continuación se detallan. Todos e cada un dos organizadores contan con autoridade e respaldo da Organización para levar a cabo as accións que consideren oportunas para garantir o cumprimento das normas ou a aplicación das sancións correspondentes. Non obstante, existe a figura de Responsable de Seguridade que estará debidamente identificado e que velará polo cumprimento destas normas e asistirá ao usuario ante calquera eventualidade que puidera producirse.

Prohíbese o uso de identificativos da Organización a aquelas persoas que non pertencen á mesma. Todo aquel que se faga pasar por membro da Organización (portando a camiseta característica ou de calquera outra maneira) poderá ser sancionado. Está igualmente prohibido portar camisetas da organización de anos anteriores sexa cal fora a forma da que se obtivera a mesma.

## **Horarios e accesos**

O recinto permanecerá aberto 24 horas ao día durante toda a duración do evento, podendo os participantes (unha vez que estean debidamente acreditados) entrar e saír a calquera hora do día e da noite. Os accesos estarán en todo momento vixiados por persoal de seguridade. Tanto para poder entrar, como saír, será necesario facer uso da acreditación de participante, por motivos de seguridade.

Sen embargo, a acreditación dispón dun horario que se pode consultar na páxina web do evento e non será posible obter estas fóra do horario.

## **Identificación**

Os usuarios que acudan á lan party recibirán, no momento de acreditarse, unha identificación persoal e intransferible que deben levar consigo en todo momento, e sempre visible.

O número asociado a cada acreditación é único e identifica a un participante en concreto, sendo responsabilidade do mesmo portar a identificación asignada ao seu nome no momento de acreditarse. Non poderán portarse acreditacións de terceiros aínda sendo estes compoñentes do mesmo grupo. Dita identificación servirá tanto para acceder ao recinto e saír del, como para transitar entre as diferentes zonas do evento, ou incluso para permanecer na zona asignada ao propio usuario. Esta identificación poderá ser solicitada por calquera organizador ou persoal de seguridade en calquera momento, para levar a cabo comprobacións de identidade ou, en caso extremo, si se decidise expulsar a algún infractor. É, por tanto, vital conservar dita identificación a bon recaudo e intacta durante toda a party.

En caso de perda da mesma deberá acudirse a Acreditacións sendo esta substituída sen custe para o usuario a primeira vez e anulada a extraviada. Futuras perdas suporán un custe ao usuario de 15€.

Menores ata 6 anos, non pagan, nin se inscriben, pero o pai ou nai deberán informar se veñen acompañados destes e facilitaráselles unha acreditación especial para o menor. A organización por motivos de espazo e seguridade, poderá limitar o número de acreditacións especiais para menores de 6 anos.

O uso indebido da acreditación sancionarase coa expulsión directa do evento.

## **Comportamento xeral**

A Organización non pode responsabilizarse do comportamento dos usuarios cara outros participantes, pero presupóñense unhas mínimas normas de civismo entre os asistentes.

Tratar con respecto e educación ao próximo, evitar agresións verbais e/ou físicas, comportamentos indecentes ou actitudes agresivas son parámetros mínimos de convivencia. En caso de que nin sequera se respecten estas normas mínimas, a

Organización poderá intervir para sancionar aos infractores, de maneira proporcional á actitude das persoas que xeren os conflitos.

Basta con aplicar o sentido común para que a convivencia sexa agradable e satisfactoria: respectar a propiedade allea, non berrar, unha hixiene mínima, tanto no persoal como na nosa zona asignada, respecto aos compañeiros, problemas de vandalismo, etc. En caso de que a Organización detecte comportamentos conflictivos, intervirán para atallalos, podendo darse o caso de que se chegue a solicitar a intervención das autoridades policiais en caso de que os individuos amoestados persistan nas súas actitudes.

## **Hixiene e orde**

A cada usuario lle corresponde un posto fixo do que debe ser responsable, no que a súa orde e limpeza se refire. Tanto durante o evento, como a finalización do mesmo, cada participante intentará, dentro duns marxes lóxicos, manter dito espazo limpo e en orde.

Os pasillos son zonas de paso, e queda terminantemente prohibido obstaculizalos así como as mesas e zonas de traballo. En caso de que se detecten postos que dificulten o paso, ou cuxa hixiene sexa deficiente, a Organización solicitará aos seus propietarios que o ordenen ou limpen e, en caso de non ser atendidas as demandas, procederán a aplicar as sancións que se consideren oportunas. Repartidos polo pavillón encóntranse contedores de lixo: tirar neles os desperdicios que se van xerando é un esforzo mínimo que se espera dos asistentes.

Ao finalizar a party revisaranse os postos dos asistentes, de encontrarse algún que non teña cumprido con esta premisa, podería negárselle a súa futura participación no evento.

## **Coidado do material e das instalacións**

Durante o evento ponse a disposición dos asistentes diverso material e servizos. O uso dos mesmos debe de ser o máis cívico posible. Si se detectasen comportamentos vandálicos, estes serán atallados e amoestados inmediatamente pola Organización. En casos extremos non se dubidará en expulsar ao/aos causantes, facéndolles pagar os danos causados e, incluso, presentando denuncia formal ante as autoridades competentes.

O material entrégase en perfecto estado para un uso correcto e debe revisarse dito material para advertir de calquera anomalía, xa que a organización no se fará responsable de calquera dano que poda ocorrer. Así mesmo, o participante farase responsable de todo aquel material que introduza no recinto.

## **Electricidade**

A organización entrega unha toma de 230V a cada usuario. Esta toma eléctrica cumpre todos os requisitos necesarios para o seu uso e encóntrase certificada polo instalador.

Todas as conexións cumpren a lei vixente e están estabilizadas. Polo tanto, a organización non se fai responsable das deterioracións dos aparatos electrónicos que estean conectados á mesma.

## **Roubos**

En caso de que algún participante detecte que sufriu algunha subtracción, existe un protocolo de acción que e pola notificación ao responsable de seguridade da Organización.

A Organización intentará, na medida do posible, solventar o incidente de maneira satisfactoria. Iso poderá supoñer unha denuncia formal ante as autoridades policiais que deberá ser realizada polo usuario. En caso de ser así, a Organización colaborarán coas autoridades facilitándolles toda a información que puideran recompilar.

Si se chegase a identificar ao ladrón por algún medio, a Organización procederá á expulsión inmediata do mesmo, reservándose o dereito a negarlle a participación en anos sucesivos. A expulsión do evento non substitúe nin é incompatible cunha denuncia legal cara o infractor por parte do damnificado. Non obstante, a organización non se fai responsable de calquera roubo que suceda durante o evento.

## **Perdas**

En caso de que algún participante extravíe algún obxecto, deberá poñerse en contacto co responsable de seguridade da Organización. A Organización intentará, na medida do posible, solventar o incidente de maneira satisfactoria.

En caso de encontrarse obxectos extraviados ao concluír o evento, informarase aos seus respectivos donos, no caso de coñecerse, gardaranse nas dependencias da Organización un prazo máximo dun mes. De no ser reclamados e recollidos ditos obxectos transcorrido ese mes, a organización desfarase deles da forma que estime oportuna. Non obstante, a organización non se fai responsable de calquera perda que suceda durante o evento.

## **Fumar, beber alcohol e consumir drogas**

As novas leis prohiben fumar en calquera recinto público pechado e, polo tanto, a Organización debe facer cumprir dita lei. Queda prohibido fumar en calquera lugar do recinto salvo na zona habilitada para iso (no exterior do recinto), incluíndo os cigarros electrónicos. Esta prohibición é extensible, no só á zona de usuarios, senón tamén á cafetería, os baños, pasillos, dormitorios, etc. Calquera que sexa sorprendido contravindo esta norma será sancionado.

De igual forma, non se permite consumir alcohol nin drogas (nin, por suposto, o tráfico das mesmas) dentro do recinto (inclúe tamén os dormitorios e zonas contiguas), sexa cal sexa a graduación do mesmo. Se se detectasen usuarios que, baixo os efectos do alcohol ou as drogas, estivesen causando problemas, estes poderán ser amoestados pola Organización de maneira proporcional aos problemas causados ou á actitude da persoa a sancionar.

## **Zonas exteriores**

Os usuarios deberán permanecer dentro das áreas habilitadas para o evento e deberán empregar as portas destinadas a tal efecto. Polo tanto, queda prohibida a saída por calquera outra porta, salvo para as persoas autorizadas. Estas outras portas (que permanecen abertas por motivos de seguridade) dan paso a zonas non supervisadas de tránsito de vehículos ou zonas non permitidas co risco que supón a presenza de persoal non autorizado.

## **Electrodomésticos e outros aparellos**

Os postos dos usuarios dispoñen de alimentación eléctrica; un enchufe por participante. Os participantes poderán (e deberán) levar regletas de alimentación que permitan conectar varios equipos a un único enchufe. Dita alimentación está destinada aos equipos informáticos que os participantes queiran traer, pero baixo ningún concepto, para o uso de electrodomésticos, ventiladores ou outros aparatos. A razón de este é que ditas máquinas poden causar problemas de tensión que dean lugar á perda de alimentación de grandes zonas de usuarios.

Polo tanto, queda prohibido o uso de aparatos de cociña como poden ser tostadoras, sandwicheiras, cafeteiras, quentadores de auga, pranchas, neveiras, microondas ou calquera outro aparato que estime a organización.

Na zona de comedores habilitarase unha zona onde poderá facer uso de este tipo de aparatos. Non está permitido o uso de asadores, barbacoas, hornillos ou elementos similares.

En relación a calquera outro aparato que non se teña mencionado, quedará a discreción da Organización (na persoa de calquera dos seus integrantes) a catalogación do mesmo e a súa posibilidade de utilización na zona de usuarios; sendo esta decisión indiscutible e inapelable. En caso de que se detecten aparatos prohibidos, estes serán confiscados pola Organización ata a finalización do evento, o cal tamén poderá ir acompañado dunha sanción.

En caso de dúbida, e antes de conectar calquera dispositivo, deberase acudir ao Organizador responsable de seguridade pertinente, o cal decidirá se o aparato pode ou non ser conectado á rede eléctrica do evento.

## **Neveiras**

A pesar de que existe unha cafetería, os participantes teñen dereito a introducir alimentos propios e bebidas non alcohólicas no recinto. Para a conservación das mesmas, en caso de que se desexe, poderanse utilizar neveiras portátiles, sempre tendo en conta a seguinte restrición: non se permiten sistemas de refrixeración de alimentos e bebidas que necesiten para o seu funcionamento de corrente eléctrica, sexa cal sexa a natureza da mesma: alimentación directa a 220v, transformadores, USB, ou a través da fonte de alimentación do PC. Polo tanto, só se permite levar ao evento neveiras portátiles non eléctricas. Calquera outra neveira poderá ser utilizada na zona habilitada a tal efecto na zona de comedores. Todas aquelas neveiras que contraveñan o arriba descrito serán confiscadas ata a finalización do evento.

## **Ruídos, berros e altofalantes**

Como medida de respecto cara o próximo, non se poderán usar altofalantes individuais conectados aos ordenadores. A única música de ambiente permitida será aquela que poña a Organización a través do seu sistema xeral de son. Os participantes deberán usar auriculares se queren escoitar música, películas ou efectos sonoros das producións nas que estean traballando ou dos xogos nos que están xogando. Todos os altofalantes que sexan encontrados pola Organización serán confiscados e entregados ao concluír o evento. De igual maneira, esta norma aplícase aos equipos de música.

Moitas das producións que se levan a cabo durante a party serán proxectadas nas pantallas xerais. Por simple respecto e educación cara os autores das mesmas, deberase gardar silencio durante a súa proxección, considerando a Organización que o contrario pode chegar a ser causa de sanción.

Como regra xeral e, especialmente na zona de dormitorios, os participantes deberán manter unha actitude moderada, evitando gritos, ruídos excesivos, usos de bucinas, carreiras e calquera outra actividade que poda resultar molesta para o resto de asistentes.

## **Láseres, focos, lanternas e proxectores**

Dado o risco que implican, non se permite o uso de láseres durante toda a duración do evento, ben sexan estes portátiles, fixos, o motorizados. A mesma norma aplica ao uso de focos. Tanto os láseres como os focos que sexan detectados serán retirados pola Organización e devoltos ao seu propietario ao final do evento. A pesar de que sempre existirá unha iluminación mínima en todas as zonas, os participantes poderán usar lanternas para moverse polo recinto, sempre e cando se faga un uso responsable das mesmas, así como lámpadas de tipo flexo para proporcionar iluminación ao seu posto de usuario.

Proxectar en zonas do recinto sen autorización por parte da Organización está prohibido igualmente.

## **Patíns, patinetes e monopatíns**

El único modo de transporte dentro do recinto é a pé. Non se permiten nin patíns, nin patinetes, monopatíns, bicicletas, ou calquera vehículo similar. En caso de que algún participante sexa sorprendido utilizando algúns deles, este será confiscado e o infractor sancionado. Algúns integrantes da Organización, pola natureza do seu traballo, necesitarán trasladarse polo pavillón no vehículos, motorizados ou non. Nese caso, ditos vehículos irán debidamente identificados como autorizados pola organización.

Para o transporte do equipamento, cada usuario poderá utilizar, en caso de desexalo, carros, carretillas, plataformas con rodas ou aparatos similares. Pero iso, unicamente durante o proceso de montaxe e desmonte. Unha vez instalado o equipo, cada usuario deberá recollelos para non ocupar sitio innecesario e que non sexan causa de posibles accidentes.

Está terminantemente prohibido acceder ao recinto do evento con carros, do tipo dos utilizados en supermercados, independentemente da súa procedencia.

## **Cadeiras e colchonetas**

A Organización pon a disposición de cada usuario unha cadeira durante todo o evento. Aquel que o desexe poderá traer a súa propia cadeira para utilizala no seu lugar, pero non se permitirán asentos que podan obstaculizar ou dificultar o paso. Quen prefiran a cadeira oficial terán en conta o seguinte: cada participante debe empregar unha sola cadeira, estando prohibida a acumulación das mesmas. Si se detectasen usuarios con varias cadeiras, a organización retirará as cadeiras extra. Pode darse o caso de que unha cadeira se rompa; se iso sucedese, o seu propietario levaraa á Organización para que lle sexa substituída por unha nova. Calquera cadeira con dano será retirada pola organización no podendo usarse as mesmas para a súa acumulación.



A zona de usuarios está destinada ás actividades e uso e desfrute da rede; non para durmir. Polo tanto, prohíbese o uso de hamacas, colchóns, colchonetas, sofás, sillóns e asentos inchables dentro do recinto da party (que serán confiscadas ata a conclusión do evento). Aqueles que queiran durmir deben facelo na zona de dormitorios.

## **Postos e zonas de paseo**

Cada inscrición da dereito a utilizar un único posto (sempre que este teña sido outorgado no proceso de inscrición previo), debidamente identificado e asociado ao usuario. Prohíbese a venta de calquera produto no posto e lugares non autorizados.

Prohíbese o uso de postos alleos, a ocupación de postos contiguos e, especialmente, o uso de pasillos e zonas de paso como “ampliación” do posto de usuario. Cando se vexan situacións similares, a Organización encomiará ao usuario a replegarse ata a zona asignada e, se a súa petición fose desobedecida, procederá a sancionar consecuentemente ao infractor. Se o posto non é ocupado en 24 horas a partir do inicio do evento este pasará a ser propiedade da organización, que poderá outorgalo a outro participante.

En casos excepcionais a organización poderá autorizar algunha excepción a esta regra.

## **Software e piratería**

A copia de programas cuxa licenza non o permite, e de música ou outro material audiovisual con dereitos de autor é unha actividade constitutiva de delito. A Organización nin ampara, nin simpatiza co uso ilegal de software, nin coa piratería do mesmo e/ou a contravenencia das leis que rexen os dereitos de autor. O único tipo de software que se autoriza a ser copiado a través da rede do evento serán os traballos realizados por cada un dos grupos ou persoas asistentes ou todo aquel software que permita a súa copia (Software Libre, Shareware, Freeware, Licencias de Música Libre, etc.).

En todo caso, a organización do evento non se fai responsable dos contidos dos equipos informáticos dos asistentes ou dos arquivos que se puideran compartir, con independencia de que fora sido descargados de Internet durante o evento ou foran trasladados a ela dentro dos seus ordenadores.

## **Equipamento de redes e instalacións de comunicacións**

Os switches de comunicacións, diferenciais de luz, enchufes, cableado xeral, fibras ópticas e outras instalacións comúns só poden ser operados polo persoal da Organización. Calquera participante que sexa sorprendido intentando manipularlos será sancionado sen dereito a réplica, podendo chegar a ser expulsado en función da gravidade da acción.

A Organización pon a disposición de cada participante un único cable UTP que o conecta á rede de comunicacións (queda prohibido o uso de varios cables de rede para un único participante, ou o cambio do cable propio polo dos postos adxacentes). Si o cable correspondente a un usuario non funcionase ou estivese en mal estado, o usuario afectado deberá acudir ao cubículo destinado aos Organizadores de redes para que o seu problema se vexa solventado coa maior brevidade posible.

En caso de que un participante queira utilizar de maneira simultánea máis dun equipo conectado á rede de comunicacións, poderá optar pola utilización de switches e routers da súa propia propiedade. Pero, para elo, deberá presentar previamente dito equipo á Organización (área de Redes) para o seu visto bo, momento no cal (se procede, e tras instruír ao usuario axeitadamente) serán identificados como “aceptados”. Todos aqueles equipos de comunicacións particulares que se encontren en funcionamento e que non contén coa identificación de validación correspondente, serán confiscados ata o final do evento e o seu dono sancionado.

## **Uso da rede**

Tanto a rede local como o acceso a Internet é un ben compartido que debemos coidar todos. Calquera intento de sabotealo ou causar o seu mal funcionamento (ataques de rede, uso de bots, xeracións de virus, vermes, servidores DHCP, software malicioso, etc.) que sexa detectado pola Organización será sancionado, podendo chegar a expulsarse ao infractor.

A Organización non é responsable da protección informática dos equipos dos participantes, polo que se recomenda o uso privado de antivirus e software de firewall, así como o parcheo das últimas actualizacións dos sistemas operativos. A Organización tampouco se fai responsable de non poder proporcionar un servizo constante de rede aos participantes, se esta desconexión é debida a causas descoñecidas ou non atribuíbles aos responsables do seu correcto funcionamento.

## **Áreas de control**

Existen diversos cubículos destinados a albergar tanto aos responsables de diversas áreas, como a prover os servizos correspondentes: Redes, Servidores, Pantallas, Xogos, Acreditacións, Almacéns, etc. Nestas zonas só está permitida a presenza de organizadores. Calquera participante que sexa sorprendido nalgunha delas sin un permiso explícito dos responsables de dita zona será instantaneamente expulsado do evento.

Para poñerse en contacto cos Organizadores que se encontren dentro dos diferentes cubículos, polo motivo que fose, existe na parte exterior unha escaleira disposta a tal efecto, que permite unha comunicación rápida e directa coa Organización.

## **Áreas e actividades**

As normas aquí referidas fan referencia ao comportamento xeral dos participantes, e todos e cada un dos organizadores velarán polo cumprimento das mesmas. Desta maneira, calquera integrante da Organización terá, de maneira individual, autoridade para aplicar as sancións que considere oportunas en caso de detectar faltas e incumprimentos.

Durante o transcurso do evento lévanse a cabo innumerables actividades que son supervisadas e coordinadas por responsables específicos da organización. Estas actividades teñen normas particulares que deben de ser coñecidas por todos aqueles que queiran participar nelas, y que serán xestionadas polos respectivos responsables de cada área.

## Competicións e premios

Para poder participar nas competicións con premios en metálico deberase contar cun posto de participante. Non se poderá tomar parte nunha competición oficial se non se dispón dun posto na party e este no foi ocupado por un ordenador ou consola. A área de 'Actividades e Concursos' queda fóra desta restrición.

Todo aquel agraciado con algún premio material (iso é, non en metálico) deberá estar presente na entrega de premios para a recollida do mesmo. En caso de non poder asistir á entrega de premios, poderá delegar a recollida do premio a unha terceira persoa. Dita persoa deberá portar unha fotocopia del DNI do premiado, así como o seu DNI e unha autorización debidamente redactada e firmada por parte do premiado na que figuren ambos DNIs. O premio material baixo ningún concepto se enviará por mensaxería. De non cumprirse estes requisitos, o premio pasará a formar parte dos activos da Organización a todos os efectos.

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións oportunas e serán abonados mediante transferencia bancaria antes de finalizar o ano. Os datos necesarios deberán ser enviados por mail á organización do evento no prazo de 1 mes tras a finalización do evento (caso contrario perderase o dereito a percibir a cantidade económica obtida).

No caso de que o premiado non sexa residente en España estarase ao que dispoña o correspondente Convenio de Dobre Imposición entre España e el país de residencia e se practicará a retención prevista no Convenio. Para os casos de Convenios que establezan que se debe tributar no país de residencia, o premiado non residente deberá aportar o correspondente certificado de residencia fiscal emitido polas autoridades fiscais do seu país, de maneira que xustifique a non obrigação de practicar retención. En caso contrario, practicarase a retención correspondente. Nos casos nos que non exista un Convenio de dobre imposición entre ambos países, estarase ao establecido na normativa interna española. Os certificados de residencia fiscal que se presenten terán un prazo de validez dun ano a partir da data da súa expedición e deberán estar en castelán. No certificado deberá constar expresamente que o premiado é residente no sentido definido no Convenio.

## Sancións

As sancións que se aplicarán en caso de que se incumpran as normas poden ser de diferente natureza, e a súa dureza dependerá da gravidade da infracción sancionada (a acumulación de sancións menores poderá implicar, de maneira automática, a aplicación de unha sanción maior). A Organización poderá aplicar, de menos a máis gravidade, as seguintes accións, ou calquera combinación delas:

- Amoestación verbal de maneira privada ao infractor.
- Amoestación pública a través dos sistemas xerais de megafonía.
- Retirada dos servizos de rede durante un período de tempo variable.
- Retirada definitiva dos servizos de rede.
- Confiscación dos elementos que motivan o incumprimento das normas, sendo estes devoltos unha vez conclúa o evento, ou no momento no que o usuario decida abandonar definitivamente o recinto.
- Retirada da identificación e expulsión temporal do recinto da persoa infractora.
- Retirada da identificación e expulsión definitiva do recinto para o infractor.
- Rexeitamento da inscrición do infractor en posteriores edicións da party.
- Denuncia interposta por la Organización contra o infractor ante as autoridades policiais competentes.

Todo aquel participante que resultara gañador nalgunha categoría premiada e que tivera infrinxido algunha norma perderá o dereito a dito premio ademais da sanción correspondente.

A organización resérvase o dereito a denegar a participación de calquera persoa neste evento e/ou a expulsalo, en calquera das súas fases, naqueles supostos nos que na opinión da Organización, algún dos seus participantes tivera incorrido, por calquera razón, nunha conduta ofensiva, contraria á lei, a moral, a orde pública ou que de calquera outro modo puidera lesionar ou causar un perxuízo á súa imaxe, ou a terceiros.